
INEO analiza os procesos de internacionalización nas empresas TIC

- Actualizado (24.05.2006)

INEO, asociación multisectorial das novas tecnoloxías da información e da comunicación, organiza unha xornada en Vigo sobre os fenómenos de asociacionismo supranacional nas empresas TIC.

O seminario fará referencia ás plataformas tecnolóxicas e aos consorcios de exportación dende un punto de vista práctico para as empresas TIC. Contará para iso coa intervención do director xeral de I+D+i da Xunta e presidente do CESGA, Salustiano Mato, e a directora rexional do Instituto de Comercio Exterior (ICEX), María Dolores Loureda.

Salustiano Mato explicará as liñas fundamentais da política da Xunta en materia de I+D+i, salientando a especial relevancia que se lle outorgará á colaboración entre as empresas do sector TIC, co fin de constituír plataformas potentes e competitivas en todos os ámbitos territoriais (rexional, nacional ou internacional). Un obxectivo que só será posible, segundo se analizará, coa participación do sector público (universidade, administración) e privado (industria).

Pola súa banda, María Dolores Loureda falará sobre os consorcios de exportación, deseñados polo ICEX para a promoción do comercio exterior. Esta fórmula está dirixida a asociacións dun mínimo de tres empresas que poden chegar a recibir ata 18.000 en axudas destinadas a este concepto. Este tipo de subvención ten unha duración de 36 meses e conta cun grande éxito noutras comunidades autónomas.

A xornada terá lugar o martes 30 de maio no auditorio de Zona Franca de Vigo e dará comezo ás 16:30 horas. Este evento estará moderado por Francisco Javier Balbín, Delegado de Internacional de Sabadell Atlántico, entidade colaboradora de INEO.

Para inscrición remítase a comunicación@ineo.org.